

25 anos educando

1977-2002

I.E.S. ELVIÑA

O QUE PASABA EN 1992

NO MUNDO:



As tropas serbias que loitan en Bosnia son acusadas de aplicar unha limpeza étnica en todas as zonas que conquistan.


Tropas de Estados Unidos. desembarcan en Somalia.
Checoslovaquia divídese pacificamente en dous Estados: República Checa e Eslovaquia.

Un referendo celebrado en Sudáfrica acaba coa política do apartheid.

Alberto Fujimori, presidente de Perú, dá un autogolpe de Estado co apoio do Exército.

Despois de 12 anos de guerra civil, asínase a paz no Salvador.

EN GALICIA:



Plano forestal para o monte galego.

Embarrancamento do petroleiro Mar Exeo fronte a Torre de Hércules o que provoca unha marea negra en toda a Ría de Coruña, Ares-Betanzos e Ferrol.

Darío Xoán Cabana publica "Vidas senlleiras".

O día das letras é adicado a Fermín Bouza Brey.



EN ESPAÑA:



Celébranse en Barcelona os Xogos Olímpicos.

Máis de 41 millóns de persoas visitan a Exposición Universal celebrada en Sevilla.

A Policía Autónoma Vasca detén en Francia á cúpula da banda terrorista ETA.

Fidel Castro realiza unha visita oficial a España.

Pedro Duque é o primeiro español elixido para formar parte do equipo da Axencia Espacial Europea.


O Tren AVE realiza a primeira viaxe en España.

EN ELVIÑA:

Curso 92-93

Cambios na Xunta Directiva;
Xefe de Estudos: José M^a Peteiro Cartelle e
Vicesecretaría: M^a Carmen Viruet Caabeiro.

No 1º Día do Deporte, as medallas aos vencedores foron entregadas por D. Augusto César Lendoiro e



D. Arsenio Iglesias.

Celébrase un concerto para dous pianos interpretado por Marta González Ferreiro e un profesor do Conservatorio.

Fomos visitados por dous alumnos norteamericanos e dúas alumnas islandesas nunha semana intercultural.

Campaña de Información ao Consumidor

Festival musical "Elviña pola paz" baixo o signo da solidariedade con Bosnia. Participan cantantes desta nacionalidade acollidos na nosa cidade. Tamén hai unha conferencia dunha refuxiada daquel país na Coruña.

Celébrase a primeira campaña de prevención do sida.

Viaxe fin de bacharelato a Mallorca e percorrido xeolóxico de alumnos de 3º por Bembibre e as Médulas. Este mesmo alumnado foi tamén a Trasalba visitar a Casa-museo de Otero Pedraio.

Conferencia da escritora D^o Luz Pozo Garza, que falou sobre a poesía actual e recitou algún dos seus poemas.

Os alumnos do IB Salvador de Madariaga representaron a peza teatral "Cravos de prata", de Nicolás Bela.

